

## SOLUCIONARIO SEMANA DEL 20 AL 24 DE ABRIL

### Páx.166

1 –O teléfono bótame fume! En media hora recibín catro chamadas: unha de Uxío, o meu veciño; outra de Xela, a miña irmá; outra de Mariña, a miña mellor amiga; e outra de Lucas, meu irmán.

–A verdade é que son moitas; con todo, están lonxe das dez que recibín eu.

2 Ao longo da historia as persoas utilizaron diferentes materiais para escribir sobre eles: pedras, os homes primitivos; papiros, os exipcios; taboíñas de cera, os romanos; e pergameos, os monxes da Idade Media. Menos mal que se inventou o papel porque... imaxinas como irías de cargado ao colexio?

### Páx.167

3 Para a clase de ximnasia merquei unhas zapatillas; para a de debuxo, un compás; para a de matemáticas, unha calculadora; e para a de xeografía, un globo terráqueo.

4 • Ana leu ese libro cinco veces; con todo, sempre se ri coas bromas e cos chistes que aparecen nel.

• Meus tíos teñen un bo coche; non obstante, decidiron que era moito mellor para eles facer a viaxe en tren.

5 Actividade de ditado.